

## LEI 20/2021 SISTEMA CONCURSO-OPOSICIÓN: PUBLICACIÓN ASPIRANTES SUPERAN PROCESOS E PROPOSTA DE NOMEAMENTO P. FUNCIONARIO A1 (ETOP)

Santiago de Compostela 24/01/25

Publicada hoxe en DOG a Resolución que contén a relación de persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo polo sistema de concurso-oposición da Lei 20/2021 seguinte:

### Resolución de corpos, escalas e especialidades do subgrupo A1:

**Corpo facultativo de grao medio**

[Escala de enxeñeiros técnicos, especialidade de enxeñaría técnica de obras públicas](#)

A relación de aspirantes que superaron o proceso selectivo publícase en:

<https://www.xunta.gal/funcion-publica/procesos-selectivos/consulta>

### PRAZO E DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:

#### DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR NO CASO DE QUE NON FOSEN XA PRESENTADOS OU VALIDADOS PREVIAMENTE:

- Copia auténtica do título exixido** na base I.2 ou certificación académica que acredite ter realizado todos os estudos para a súa obtención. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá presentar credencial da súa validación ou homologación ou ben a credencial de recoñecemento da titulación para exercer a profesión.
- Informe sobre o estado de saúde** que acredite que a persoa aspirante non padece enfermidade nin está afectada por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- As persoas aspirantes cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %** que superen o proceso selectivo deberán ademais acreditar, no caso de que coa solicitude se opuxesen á consulta, tal condición mediante certificación dos órganos competentes da Consellería de Política Social e Xuventude e, de ser o caso, da Administración correspondente.



[Enlace ao documento da web da DX de Emprego Público e Administración de Persoal.](#)



## PRAZO:

- De acordo co **informe do 9 de outubro de 2024**, da **Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal**, sobre a aplicación da **tramitación de urxencia aos procesos selectivos de estabilización da Lei 20/2021**, conforme o **artigo 33.1. da Lei 39/2015**, as persoas aspirantes que superaron os procesos selectivos disporán dun **prazo de 10 días hábiles, contados a partir do 25/01/25**.

## RECURSO:

- Contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Facenda e Administración Pública, nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (1 mes).

